FICHA – Clima e vexetación 2

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Explica coas túas palabras cando temos que falar de tempo e cando de clima.

3.- Cal é a información principal nun parte meteorolóxico?

4.- Explica a diferencia entre una anemómetro e un cataventos.

5.- Como se orixina o vento?

6.- En gran parte da Terra empregamos os graos centígrados para medir a temperatura. Sen embargo nalgúns países empréganse os graos Farenheit (represéntanse como ºF). Coa axuda de Internet investiga e calcula cantos graos centígrados son 0º F e 20ºF.

7.- Explica dous factores que influían na tempertatura dun lugar.

8.- Cando Galicia se atopa baixo unha zona de baixas presións, que tempo podemos esperar?

9.- Investiga que consecuencias pode ter para as persoas vivir nun lugar onde o grao de humidade é moi baixo.

10.- Explica, mediante un debuxo sinxelo, a expresión “os países do ecuador reciben os raios do Sol máis perpendicularmente”.

11.- Como contribúe ao refresco do ambiente a transpiración das plantas?

12.- En que ladeira dunha montaña, próxima á costa, se producen máis precipitacións?

13.- Realiza un esquema coas zonas climáticas da Terra no que se indiquen as "liñas imaxinarias" que as delimitan e os diferentes tipos de climas que podemos atopar en cada unha delas.

14.- Indica en que zona climática están os seguintes países: Brasil, Islandia, España, Canadá, Arxentina, India e Ecuador.

15.- Segundo acabas de ler no clima polar as precipitacións son escasas, como explicas entón que se diga que os polos son a reserva de auga da Terra.

16.- O clima de alta montaña é propio das zonas frías aínda que podemos atopalo nas zonas temperadas. A que se debe isto?

17.- Debuxa un climograma no que as precipitacións aumenten segundo aumentan as temperaturas.

18.- Inventa un climograma no que haxa, como mínimo, un dato imposible e explica en que consiste ese dato.

19.- O efecto invernadoiro, é malo para a Terra? Pensa e fundamenta a túa resposta.

20.- Que consecuencias trae o "adelgazamento" da capa de ozono?

21.- Realiza un esquema co clima e vexetación de España.

22.- Cal é o clima predominante nas seguintes rexións: Asturias, Castela – A Mancha, Andalucía, Aragón.

23.- Como se explica que estando España nunha zona temperada exista unha rexión con clima subtropical?

24.- Constrúe unha táboa, indicando as árbores, arbustos e herbas, na que aparezan todos os exemplos de plantas das distintas zonas climáticas españolas do texto.

25.- Escolle unha planta, das citadas no texto, e fai unha pequena ficha cos datos máis relevantes sobre ese ser vivo.